

Concello de Viveiro

EXPTE.- 4796/2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZALEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 26 de xuño de 2025 N.º 145, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 21 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** Terminado o prazo de presentación de instancias, a Srs. Alcaldesa-Presidente, ditará Resolución declarando aprobada a lista de admitidas/os e excluídas/os, no seu caso..."

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

Vista a base xeral 9.1, que sinala "(...) A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación. ..."

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA DE ADMITIDOS/AS CON CARÁCTER DE LISTA DEFINITIVA AO PROCESO SELECTIVO:

A) ADMITIDOS/AS:

	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ABAD LÓPEZ ANA MARÍA	EXENTA
2	PÉREZ LÓPEZ PATRICIA	EXENTA
3	SANTOS CORBELLE MARÍA TERESA	EXENTA

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada



Concello de Viveiro

publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018,

D^a. María Carmen Gueimunde González

D^a. María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

